



**REFERENCIA DO CONSELLO
DA XUNTA DE GALICIA
QUE TIVO LUGAR NO COMPLEXO
ADMINISTRATIVO DE SAN CAETANO
O DÍA 13 DE DECEMBRO DE 2007,
BAIXO A PRESIDENCIA DO SR. D.
EMILIO PÉREZ TOURIÑO**

DECRETOS

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

- Decreto polo que se nomean vogais do consello reitor da Axencia Galega de Emerxencias

CONSELLERÍA DE INNOVACIÓN E INDUSTRIA

- Decreto polo que se regula o aproveitamento da enerxía eólica en Galicia
- Decreto de ordenación do control metrolóxico no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Decreto polo que se crea o Rexistro galego de instrucións previas sobre coidados e tratamento da saúde

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE

- Decreto polo que se crea o Observatorio Galego da Biodiversidade e se determinan as súas funcións, composicións e funcionamento

CONSELLERÍA DE TRABALLO

- Decreto polo que se regula o recoñecemento da condición de entidade colaboradora do Servizo Público de Emprego de Galicia en captación de ofertas e a creación dun rexistro administrativo

CONSELLERÍA DE VIVENDA

- Decreto de réxime xurídico de solo e das edificacións promovido polo Instituto Galego de Vivenda e Solo

ACORDOS

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

- Acordo polo que se autoriza a subscripción do convenio de colaboración específico entre o Instituto para la Reestructuración de la Minería del Carbón y Desarrollo Alternativo de las Comarcas Mineras, a Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes e a Consellería de Innovación e Industria da Xunta de Galicia para a execución do proxecto de Autovía Ferrol-Vilalba: tramo Cabreiros-Vilalba.

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E FACENDA

- Acordo polo que se autoriza o convenio de colaboración entre a Consellería de Economía e Facenda e a Universidade de Santiago de Compostela para a realización do Máster en desenvolvemento rexional e integración económica
- Acordo polo que se autoriza o convenio de colaboración entre a Consellería de Economía e Facenda e a Universidade de Santiago de Compostela para a realización do Máster en técnicas estatísticas
- Acordo polo que se autoriza o convenio de colaboración entre a Consellería de Economía e a Universidade de Santiago de Compostela para a realización dun curso de posgrao en Administración financeira e tributaria
- Acordo polo que se autoriza o convenio de colaboración entre a Consellería de Economía e Facenda e a Universidade de Santiago de Compostela para a realización dun curso de especialización en dereito tributario
- Acordo polo que se autoriza o convenio de colaboración entre a Consellería de Economía e Facenda e a Universidade de Santiago para a realización do XII Máster en banca, finanzas e seguros
- Acordo polo que se autoriza o convenio de colaboración entre a Consellería de Economía e Facenda e a Universidade da Coruña para a realización dun Master en administración financeira e tributaria



- Acordo polo que se autoriza o convenio de colaboración entre a Consellería de Economía e Facenda e a Universidade de Vigo para a realización do curso de especialista en fiscalidade empresarial

CONSELLERÍA DE POLÍTICA TERRITORIAL, OBRAS PÚBLICAS E TRANSPORTES

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia, a través da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes e o Concello da Coruña, para a obtención de terreos para as obras do segundo treito, subtramo II da terceira rolda de circunvalación da Coruña

CONSELLERÍA DE CULTURA E DEPORTE

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia, a través da Consellería de Cultura e Deporte, e a Federación Galega de Piragüismo, co fin de coadxuvar aos gastos ordinarios da federación e para a fixación, de común acordo, dun programa de actividades de promoción e desenvolvemento da súa modalidade

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Acordo polo que se autoriza a subscrición dun convenio de colaboración entre a Consellería de Sanidade, o Servizo Galego de Saúde e a Fundación Érguete-Integración para o desenvolvemento do programa SISIFO de intervención precoz de drogodependentes en situación de emerxencia social
- Acordo polo que se autoriza a subscrición dun convenio de colaboración entre a Consellería de Sanidade, o Servizo Galego de Saúde e a Fundación Érguete-Integración para o desenvolvemento do programa de seguimento e atención das persoas en tratamento unha vez que estean fóra do cárcere

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE

- Acordo polo que se autoriza a subscrición do convenio de colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible e o Ministerio de Medio Ambiente para a execución de instalacións de desgasificación en varios vertedoiros de residuos por importe dun millón cento noventa e nove mil dezasete euros con vinte céntimos (1.199.017,20 euros)
- Acordo polo que se autoriza a colaboración técnica e financeira da Consellería de Medio Ambiente co Concello de Corgo para a adecuación, selado e clausura do vertedoiro de residuos sólidos urbanos



- Acordo polo que se autoriza a subscripción do convenio de colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible e o Instituto Nacional de Electrificación de Guatemala para a realización do proxecto de repotenciación da planta hidroeléctrica *El Porvenir* como mecanismo de desenvolvemento limpo (MDL), por importe de 39.000 euros.

CONSELLERÍA DE VIVENDA E SOLO

- Acordo polo que se autorizan os compromisos de gasto derivados da orde pola que se convocan as subvencións que se poderán outorgar no exercicio 2008 ao abeiro do Decreto 48/2006, do 23 de febreiro, que regula o programa de vivendas en aluguer

INFORMES

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E FACENDA

- Informe relativo ao seguimento de recomendacións efectuadas polo Consello de Contas no ámbito da Comunidade Autónoma.

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE

- Informe polo que se dá conta ao Consello da Xunta de Galicia do acordo do 26 de novembro de 2007, polo que se complementan as actuacións de cinco obras das previstas na declaración de emerxencia do 30 de abril de 2007 do presidente da Empresa Pública de Obras e Servizos Hidráulicos -comunicada o 28 de xuño de 2007 ao Consello da Xunta- da actuación hidráulica de emerxencia para solucionar a elevada contaminación microbiolóxica mediante a execución de obras de saneamento, de clave OH.EM7.001, por importe de 1.526.032,72 euros.
- Informe sobre a situación actual e as medidas a adoptar en relación coa seca en Galicia



A XUNTA APROBA O NOMEAMENTO DE VOGAIS DO CONSELLO REITOR DA AXENCIA GALEGA DE EMERXENCIAS

O Consello da Xunta, na súa xuntanza semanal, aprobou o decreto polo que se nomean vogais do Consello Reitor da Axencia Galega de Emerxencias. Así, segundo o texto, estes serán:

- O director xeral de Xuventude e Solidariedade, Rubén Cela Díaz, en representación da Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar.
- O director xeral de Obras Públicas, Manuel Morato Miguel, en representación da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes.
- O director xeral de Montes e Industrias Forestais, Alberte Blanco Casal, en representación da Consellería de Medio Rural.
- O director xeral da División de Asistencia Sanitaria do Servizo Galego de Saúde, Julio Villar Barreiro, en representación da Consellería de Sanidade.
- O director xeral de Recursos Mariños, Antonio García Elorriaga, en representación da Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos.
- O secretario xeral da Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible, Jorge Antonio Santiso Blanco, en representación da Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible.
- Manuel Bao Iglesias, na súa condición de experto en materia de emerxencias.
- Jerónimo Puertas Agudo, na súa condición de experto en materia de emerxencias.
- Juan José González Fernández na súa condición de experto en materia de emerxencias.
- O xefe da unidade de Protección Civil da Delegación do Goberno en Galicia, José Luis Ucida Somoza, en representación da Administración do Estado.

Segundo establece o estatuto da Axencia, o seu Consello Reitor está formado por unha presidencia –que corresponde ao titular da Consellería competente en materia de protección civil-, unha vicepresidencia -o titular do órgano directivo da Consellería encargada da xestión de emerxencias e protección civil que designe o seu titular-, unha xerencia, dezaseis vogalías e unha secretaría. A pertenza ao mesmo non xerará dereitos laborais nin económicos.

As funcións deste Consello son, entre outras, coñecer e aprobar as directrices xerais de actuación do organismo, o plan anual de actividades, a memoria de actividades do exercicio anterior, o regulamento de réxime interior e o seu anteproxecto de presuposto anual; nomear e cesar –por proposta da Presidencia da Axencia- ao xerente e secretario xeral da mesma; emitir informe sobre as normas relativas a disposicións e actos que afecten ás funcións da AXGE; e coñecer os convenios de colaboración subscritos pola persoa titular da Presidencia en materia de xestión de emerxencias. Reunirase polo menos unha vez ao ano.



Os vogais do Consello Reitor da Axencia serán o titular da Secretaría Xeral da Consellería competente en materia de emerxencias; o titular da Dirección Xeral competente en materia de interior; un representante, con categoría cando menos de director xeral, de cada unha das consellerías competentes en materia de voluntariado, urbanismo e transportes, montes e incendios forestais, sanidade, pesca e asuntos marítimos e medio ambiente; tres vogais designados pola Presidencia do Consello entre persoas expertas e de prestixio en materia de emerxencias; catro representantes dos concellos de Galicia designados pola Federación Galega de Municipios e Provincias; e un representante da Administración do Estado, nomeado pola Delegación do Goberno.

O CONSELLO DA XUNTA REGULA O APROVEITAMENTO EÓLICO EN GALICIA HARMONIZANDO AS NECESIDADES DE CRECEMENTO ECONÓMICO E SOCIAL CO RESPECTO AO MEDIO NATURAL

- *O novo modelo de aproveitamento da enerxía eólica aposta pola transparencia nas autorizacións, por unha xestión profesional con proxectos viábeis que garantan estabilidade ao sistema e polo retorno social das explotacións eólicas a través da participación pública*
- *Este marco legal permitirá desenvolver os obxectivos de potencia eólica situados nos 6.500 MW autorizados en 2012*

O Consello da Xunta aprobou hoxe o novo decreto que regulará o aproveitamento da enerxía eólica en Galicia. Remata así a tramitación do novo marco legal que substituirá ao ata o de agora vixente decreto 302/2001 e co que o Goberno galego establece un novo modelo de xestión eólica no país, baseado na enerxía eólica como factor de crecemento, a enerxía eólica en harmonía e respecto co medio natural e a enerxía eólica como progreso social. Este novo marco legal permitirá desenvolver os obxectivos de potencia eólica establecidos pola Xunta, que prevé ter autorizados 6.500 megavatios no ano 2012.

O novo modelo introducirá novidades importantes con respecto ao anterior, como garantir o interese público do desenvolvemento deste tipo de enerxía a través de fórmulas de participación pública que aseguren o retorno social dos investimentos. A participación pública recollerase no documento voluntario de compromisos adicionais presentado polos solicitantes e este poderá supoñer ata o 30% da valoración total dos anteprojectos presentados. Así mesmo, o decreto introduce un mecanismo transparente no procedemento de admisión a trámite das solicitudes de autorización; suprime os conceptos de plan eólico empresarial, parque eólico singular e parque eólico individual e introduce o concepto de Área de Desenvolvemento Eólico (ADE), como base territorial da implantación do novo modelo.

Estabilidade do sistema e autorizacións transparentes

O novo modelo tamén pretende asegurar a viabilidade tecnolóxica dos proxectos eólicos, é dicir, a nova potencia instalada deberá garantir a estabilidade do sistema, e mais a viabilidade económica financeira, isto é, os proxectos xerarán valor para todos os axentes (propietarios, xestores). A planificación da Consellería de Innovación e Industria pasa por que os parques eólicos se adapten aos requirimentos técnicos do xestor técnico do sistema, o que significa que non deberán supor ningún risco técnico para o sistema (ocos de tensión, regulación de reactiva, control de xeración...). Ademais, será preciso emprender un proceso intenso de desenvolvemento de redes de interconexión, tanto en interiores (dentro de Galiza) coma exteriores (Asturias, Meseta, Portugal).

Do mesmo xeito, o novo decreto de regulación eólica establece un modelo de autorizacións transparente e non especulativo, que limitará ou eliminará o tráfico de dereitos derivados das admisións a trámite ou das autorizacións antes da entrada en funcionamento dos parques.

Mediante unha orde, a Consellería de Innovación e Industria determinará a previsión de potencia máxima expresada en megavatios que se tramitará durante o período de referencia establecido na propia orde, consonte á planificación enerxética. A partir deste momento comezará o proceso para a admisión a trámite de solicitudes de parques eólicos.

Entre todos os proxectos presentados, se a suma das potencias das solicitudes presentadas superan a potencia máxima prevista na orde de convocatoria, seleccionárase a alternativa idónea conforme cos criterios de valoración fixados no decreto, que pasan pola mellor relación entre produción e afección ambiental, viabilidade técnico-económica e maior impacto socio-económico positivo do proxecto de desenvolvemento económico; maior capacidade técnica e financeira para a execución material do parque; nivel tecnolóxico das instalacións que conforman os parques eólicos que o proxecto contempla para seren desenvolvidos dentro da ADE; viabilidade da proposta de interconexión; e alcance, viabilidade e interese social da proposta de compromisos adicionais, documento no que os solicitantes poden recoller a súa proposta de participación pública. Logo procederase á tramitación da autorización administrativa do parque, que precisará do proxecto de execución, a declaración de utilidade pública, o acollemento ao réxime especial de produción de enerxía eléctrica e a aprobación do proxecto sectorial.

Repotenciamento e transmisións de titularidade

Co fin de optimizar as áreas territorialmente aptas para admitir parques eólicos e adecuar as tecnoloxías instaladas aos requirimentos técnicos do operador do sistema, o novo decreto contempla de maneira específica os proxectos de repotenciamento de parques eólicos, consistentes no aumento da súa potencia a través da substitución dos aeroxeradores en funcionamento por outros de maior potencia unitaria, sen dar lugar ao incremento do número de aeroxeradores comprendidos na área do parque ou ben reducíndoo.

O texto legal tamén establece que as transmisións de titularidade dun parque eólico requiren autorización administrativa previa da Consellaría. Para estes efectos considérase transmisión a terceiros calquera acto ou operación xurídica que outorgue a aqueles a transmisión ou control de accións ou participacións por máis do 50% do capital da titular. Innovación e Industria esixirá ao solicitante da transmisión a acreditación do cumprimento dos requisitos esixidos ao titular da instalación e as autorizacións administrativas reguladas polo novo decreto non serán transmisibles a



terceiros até o momento en que o parque eólico estea executado na súa totalidade ou dispoña da acta de posta en servizo definitiva.

Por último, o novo marco legal recolle nas súas disposicións transitorias que aos titulares de Plans Eólicos Empresariais (PEE) vixentes á entrada en vigor do decreto conservaráselles os dereitos outorgados pola normativa anterior respecto das áreas de investigación incluídas na resolución de aprobación do seu PEE, durante o tempo de vixencia deste sempre que non acadasen a potencia prevista na devandita resolución. Tamén se establece que na primeira orde de convocatoria de selección de anteproxectos de instalación de parques eólicos realizada ao abeiro do novo decreto, reservarase unha cota de potencia para aqueles promotores que foron titulares dun plan eólico empresarial e que, por motivos de planificación, non puideron desenvolver a cifra de potencia prevista ou estimada na resolución de aprobación do devandito plan.



INNOVACIÓN E INDUSTRIA VIXIARÁ O CUMPRIMENTO DAS NORMAS METROLÓXICAS EN GALICIA MEDIANTE A CREACIÓN DO REXISTRO DE CONTROL METROLÓXICO

- *O Consello da Xunta aproba a creación dun Rexistro de Control Metrolóxico no que deben constar todas as persoas que fabriquen, comercialicen ou aluguen instrumentos de control metrolóxico*

O Consello da Xunta aprobou na súa xuntanza de hoxe o Decreto polo que establece a constitución do Rexistro de Control Metrolóxico de Galicia, que se encargará de vixiar e controlar as actuacións en materia de metroloxía na Comunidade Autónoma.

A Consellería de Innovación e Industria, a través das súas delegacións provinciais e da Dirección Xeral de Industria, Enerxía e Minas, poderá levar a cabo unha tarefa constante de vixilancia e inspección metrolóxica que comprende puntos tales como a supervisión de que aqueles instrumentos de medidas que non cumpran as normas de control metrolóxico ás que están suxeitos non sexan comercializados ou postos a servizo; o control de que todos aqueles aparellos de medida suxeitos a control metrolóxico na fase de instrumentos de servizo cumpran os requisitos que se lles exigen; a vixilancia de que os axentes encargados destas tarefas de control metrolóxico cumpran as normativas vixentes e adecúen a súa actuación ao fixado na inscrición no rexistro; e a vixilancia de que estas actividades metrolóxicas sexan realizadas só a través das entidades debidamente inscritas no rexistro de control metrolóxico e autorizadas.

Neste Rexistro de Control Metrolóxico deben estar inscritas tanto aquelas persoas que fabriquen, importen, comercialicen ou cedan en arrendamento instrumentos de medida suxeitos ao control metrolóxico do Estado, como os organismos, entes ou persoas designados pola Dirección Xeral de Industria, Enerxía e Minas da Consellería para as actuacións na fase de comercialización e posta en servizo e na fase de instrumentos en servizo, e todo aquel que se propoña reparar instrumentos de medida suxeitos ao control metrolóxico do Estado. A inscrición ten unha duración de cinco anos, podendo ser prorrogado por outros cinco anos máis a petición do interesado.

As actividades de inspección e vixilancia iniciaranse desde as delegacións provinciais da Consellería de Innovación e Industria a partir dunha denuncia, de acordos de colaboración como parte dun plan de inspección, ou como consecuencia da participación en campañas de ámbito europeo, estatal ou autonómico.

Cada acción de vixilancia quedará rexistrada nun expediente, que será a base para a tramitación do correspondente proceso sancionador, competencia distribuída entre os órganos do departamento autonómico.



OS GALEGOS PODERÁN REXISTRAR POR ESCRITO INDICACIÓNS SOBRE OS COIDADOS E TRATAMENTOS DE SAÚDE OU O DESTINO DOS SEUS ÓRGANOS E DO SEU CORPO CANDO NON POIDAN MANIFESTALO

- *O Rexistro Galego de Instrucións Previas sobre Coidados e Tratamentos da Saúde velará polo cumprimento das indicacións dadas polos pacientes*

O Consello da Xunta aprobou hoxe o decreto da Consellería de Sanidade polo que se crea e regula o Rexistro Galego de Instrucións Previas sobre Coidados e Tratamentos da Saúde. Con este rexistro velarase pola eficacia destas indicacións previas manifestadas polos pacientes e formalizadas documentalmente.

O máis relevante deste novo decreto é que ten carácter declarativo e voluntario; e que facilita o coñecemento aos profesionais da existencia dun documento que recolle indicacións acerca das preferencias no coidado e tratamento da saúde da persoa, cando non sexa quen de expresala persoalmente, e tamén sobre o destino do seu corpo e dos seus órganos cando se produza o falecemento. Este rexistro estará coordinado co Rexistro Nacional de Instrucións Previas.

O usuario ou usuaria da Sanidade pública galega que queira deixar plasmadas estas instrucións previas, fará unha solicitude por escrito de inscrición no rexistro. O documento de instrucións previas deberá estar formalizado por dúas vías, ben diante de tres testemuñas maiores de idade -das cales dúas non teñan relación de parentesco ata o segundo grao nin vínculo por relación patrimonial-, ou ben ante notario.

A solicitude poderase dirixir ao Rexistro Galego de Instrucións Previas (Regaip), presentándoo en calquera das cinco unidades administrativas dispostas para o efecto. Unha na Subdirección Xeral de Aseguramento, da Dirección Xeral de Aseguramento e Planificación Sanitaria da Consellería de Sanidade; e as outras catro nas unidades que haberá en cada unha das delegacións provinciais da Consellería de Sanidade.

As inscricións quedarán rexistradas, e o Regaip custodiará os documentos; e facilitaralles o coñecemento da existencia deste documento aos profesionais sanitarios; o acceso e consulta destes ás persoas autorizadas e, tamén, a garantía de coordinación co Rexistro Nacional.

A aprobación deste decreto enmarcase na liña de potenciación dos dereitos da cidadanía emprendida pola Consellería de Sanidade desde o inicio desta lexislatura.

A XUNTA CREA O OBSERVATORIO GALEGO DA BIODIVERSIDADE, PARA ELABORAR E COMPILAR TODA A INFORMACIÓN SOBRE O ESTADO E EVOLUCIÓN DAS ESPECIES EN GALICIA

- *Trátase dun órgano consultivo e de asesoramento, integrado por investigadores e expertos, cuxo traballo permitirá o rexistro ou descatalogación de especies en perigo de extinción, así como a priorización de plans de recuperación destas*

O Goberno da Xunta aprobou hoxe, por proposta da Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible, o decreto mediante o que se crea o Observatorio Galego da Biodiversidade. A constitución deste novo órgano, de carácter consultivo e asesoramento, ten o seu fundamento no Catálogo Galego de Especies Ameazadas, creado tamén este ano. De feito, unha das súas funcións será a inclusión ou descatalogación das especies incluídas inicialmente neste rexistro, mediante a análise da súa evolución.

Non obstante, as competencias do Observatorio Galego da Biodiversidade non se cinguirán só ao catálogo, senón que terá como función emitir informes en materia de conservación e protección da biodiversidade en Galicia, o que permitirá tamén priorizar os plans de recuperación das especies en función do seu grao de conservación.

O órgano estará integrado por especialistas de recoñecido prestixio no estudo e investigación de especies, representantes das universidades, grupos conservacionistas, así como representantes da administración autonómica, co director xeral de Conservación á fronte, entre outros.

O observatorio reunirse en sesión ordinaria, como mínimo unha vez ao ano, e poderá dispoñer a creación de grupos de traballo para realización de estudos específicos, aos que poderán ser convidados a participar expertos na materia.

A XUNTA MODIFICA A REGULACIÓN DA VIVENDA PROTEXIDA PÚBLICA PARA SIMPLIFICAR E AXILIZAR OS TRÁMITES DE ENTREGA AOS BENEFICIARIOS

O Consello da Xunta aprobou hoxe un novo decreto que regula o réxime xurídico das vivendas protexidas de promoción pública (VPP), o que permitirá simplificar e axilizar todos os trámites de selección dos beneficiarios e a posterior entrega aos adxudicatarios das vivendas protexidas de cada promoción pública.

Este decreto, que entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación no Diario Oficial de Galicia, ven a substituír ao *Decreto de 2004 sobre Réxime Xurídico das Vivendas de VPP, Locais de Negocio e Solo de Promoción Pública*.

Co cambio normativo se pretende evitar as demoras nas adxudicacións das vivendas que ocasionalmente se teñen producido nalgúns casos en que o número de demandantes superaban en moito aos da oferta, -algún común cando a oferta corresponde ás grandes cidades-, o que implica unha acumulación de expedientes que, coa normativa actual, estaban sometidos a un dobre control, -o municipal e o autonómico-, orixinando unha duplicidade de tramitación administrativa á que pon fin este novo decreto.

Neste sentido, será a Consellería de Vivenda e Solo a responsable de garantir que os beneficiarios provisionais nun proceso de adxudicación de vivenda de promoción pública cumpren os requisitos esixidos, a diferenza do previsto na normativa ata agora en vigor, que implicaba un primeiro control por parte do Concello e un segundo e definitivo control por parte do Departamento autonómico.

Co decreto aprobado hoxe polo Goberno galego, corresponde a Xunta a tramitación das solicitudes dos demandantes de vivenda protexida pública e a comprobación de que os adxudicatarios cumpren cos requisitos, ganando así en axilidade e simplificando a actuación para os cidadáns que só teñen que tratar cunha Administración pública.

O novo decreto enfatiza o aspecto social das vivendas protexidas de promoción pública. Neste sentido, cando se trate dun fin de interese público ou social, establece a posibilidade de poder vender, alugar ou ceder temporalmente a vivenda protexida pública a favor dunha Administración. Ademais, permítense a adxudicación directa de vivendas de VPP en determinados casos, como o de vítimas de violencia de xénero.

En canto ao nivel de ingresos ponderados esixibles para poder acceder a unha vivenda protexida promovida pola Consellería de Vivenda e Solo, mantéñense como ata agora. Ata un máximo de 2,5 veces o Índice Público de Rendas de Efectos



Multiplicadores (IPREM), ou ata 5,5 veces vece o IPREM, cando se trata de vivendas rehabilitadas no medio rural ou nos centros históricos.

A XUNTA REGULA A INSCRICIÓN DE ENTIDADES COLABORADORAS PARA A CAPTACIÓN DE OFERTAS DE EMPREGO

- *Enténdese por entidades colaboradoras do Servizo Público de Emprego (SPE) en captación de ofertas de traballo todos aqueles organismos, con ou sen ánimo de lucro, que realicen funcións de contacto con empregadores*
- *As entidades que desexen obter esta acreditación deberán avalar a súa experiencia en tarefas relacionadas co mercado de traballo*

O Consello da Xunta de Galicia, na súa reunión desta mañá, aprobou o decreto polo que regula o procedemento e os requisitos para o recoñecemento como entidade colaboradora do Servizo Público de Emprego (SPE) de Galicia en captación de ofertas de traballo e polo que se crea o seu rexistro administrativo. Así, a través deste procedemento regularase a inscrición de entidades colaboradoras para a captación de ofertas de emprego.

Segundo o texto, terán consideración de entidades colaboradoras do SPE en captación de ofertas de traballo todas aquelas entidades, con ou sen ánimo de lucro, que realicen funcións como a posta en contacto co empregador, o cumprimento do impreso de captación da oferta asinada polo empregador e a remisión á oficina de emprego correspondente para a súa tramitación.

Non terán esta consideración aqueles centros colaboradores en materia de información, orientación e busca de emprego, así como aquelas entidades de intermediación pertencentes á Administración local.

As entidades que desexen obter esta acreditación deberán reunir unha serie de requisitos, como avalar experiencia en tarefas relacionadas co mercado de traballo; contar con profesionais relacionados coas especialidades de psicoloxía, pedagogía, psicopedagogía, socioloxía, educación social e traballo social, preferentemente. Outro dos requisitos que se lles exige é que a súa actividade se realice dentro da Comunidade galega.

Para solicitar esta credencial, as entidades deberán formalizar unha solicitude asinada polo titular ou representante legal da entidade e dirixila á Dirección Xeral competente en materia de intermediación laboral.

Captación das ofertas

O traballo de captación de ofertas baséase en tres pasos: a posta en contacto coa entidade empregadora, a formalización do impreso de captación de oferta asinado pola entidade empregadora, (neste punto especificarase o perfil profesional dos postos de traballo vacantes) e, por último, a remisión do impreso á oficina de emprego correspondente para que tramite a oferta de emprego.



Estas accións realizaranse de acordo coas instrucións, manuais e impresos facilitados pola dirección xeral competente en materia de intermediación laboral.

Segundo se recolle na orde, todas as accións que se desenvolvan deberán respectar o principio de igualdade e non discriminación. Deste xeito, velarán para que nos perfís profesionais das prazas vacantes e nos contactos coas entidades empregadoras, non se incorpore de forma directa ou indirecta calquera prexuízo para o acceso aos postos de traballo por parte das mulleres.



OS FONDOS DO PLAN DO CARBÓN ACHEGAN MÁIS DE 8 MILLÓNS DE EUROS PARA A EXECUCIÓN DA AUTOVÍA AG-64 NO TREITO CABREIROS-VILALBA

- *A Consellería de Política Territorial xa tiña asumido o custe íntegro da infraestrutura con independencia das achegas do plan Miner*
- *As obras do treito Cabreiros-Vilalba iniciáronse o pasado mes de outubro*

A Consellería de Innovación e Industria, a Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes e o *Instituto para la Reestructuración de la Minería del Carbón y Desarrollo Alternativo de las Comarcas Mineras* asinarán un convenio de colaboración segundo o cal se aportan 8.424.000 euros para a construción do tramo Cabreiros-Vilalba da autovía AG-64 que unirá a capital chairega con Ferrol. Este convenio, que foi autorizado hoxe polo Consello da Xunta, contempla a achega económica dos fondos do carbón, repartido en tres anualidades ata 2009, para a execución deste tramo de autovía que precisa un investimento total de 40 millóns de euros que ata o de agora asumía integramente a CPTOPT.

A obra, executada pola Consellería de Política Territorial, recibirá desta maneira unha importante inxección económica do Plan do Carbón como infraestrutura de especial interese para a reestruturación e diversificación económica da comarca das Pontes de García Rodríguez, moi sensible ás reestruturacións sobre a minaría do carbón dos últimos anos, que supuxeron perda de emprego e de actividade industrial na zona.

O devandito Plan de Reestruturación das Comarcas Mineiras no que se encadra esta actuación é xestionado en Galicia pola Mesa para o Desenvolvemento do Plan do Carbón 2006-2012, mesa que, presidida por Innovación e Industria, selecciona as infraestruturas que logo serán cofinanciadas entre o Instituto para a Reforma da Minaría do Carbón e a Xunta.

Cómpre salientar que, con independencia da achega de fondos Miner, o Goberno galego a través da Consellería de Política Territorial decidiu acometer pola súa conta a construción do treito Cabreiros-Vilalba da autovía AG-64 para pechar así un importante eixo de comunicación da zona de Ferrolterra e o norte da provincia da Coruña coa autovía do Cantábrico (A-8) e coa autovía do Noroeste (A-6). Este compromiso da CPTOPT materializouse o pasado día 8 de outubro, data na que se iniciaron as obras do citado treito da AG-64. As obras, que foron adxudicadas á UTE formada por Corsán-Corvian e Sercoysa, teñen un prazo de execución de 24 meses, co cal esta infraestrutura de alta capacidade estará plenamente operativa en outono de 2009.



ECONOMÍA E FACENDA FINANCIARÁ CURSOS DE POSGRAO SEGUINDO CRITERIOS OBXECTIVOS DE CALIDADE, EFICACIA E EFICIENCIA

- *A Xunta de Galicia destinará 147.000 euros a cursos de posgrao para a mellora da formación de especialistas en materias económicas e financeiras*
- *Os cursos abarcan materias de desenvolvemento rexional, de administración tributaria e financeira, de finanzas e fiscalidade, e de técnica estatística*

A Consellería de Economía e Facenda apoiará financeiramente a realización de cursos de posgrao nas tres universidades galegas relacionados con áreas de coñecemento consideradas de especial interese. En concreto, o consello da Xunta aprobou hoxe a sinatura de sete convenios de colaboración polos que a consellería destinará 147.000 euros a outros tantos cursos. O reparto farase a partir de criterios nos que prima a eficacia e a eficiencia dos programas docentes e que permitirán vincular o financiamento dos cursos aos filtros de calidade da universidade. Segundo estes criterios, se primará a cualificación do curso como Programa Oficial de Posgrao. Deste xeito, a consellería fai obxectivo e transparente o financiamento deste tipo de cursos segundo criterios claros de calidade, eficacia e eficiencia; á vez que quere contribuír á mellora da formación de estudantes en materias económicas e financeiras.

Os sete convenios aprobados hoxe habilitarán as axudas para os seguintes cursos: Máster en Desenvolvemento Rexional e Integración Económica (USC); Máster en Técnicas Estatísticas (USC); Curso de Posgrao en Administración Financeira e Tributaria (USC); Curso de Especialización en Dereito Tributario (USC); Máster en Banca, Finanzas e Seguros (USC); Máster en Administración Financeira e Tributaria (UDC); e Curso de Especialista en Fiscalidade Empresarial (UVI).

POLÍTICA TERRITORIAL REFORZA O SEU COMPROMISO COA TERCEIRA ROLDA DA CORUÑA E ASUME O PAGAMENTO DE 6 MILLÓNS DE EUROS EN EXPROPIACIÓNS

- *O Consello da Xunta autorizou a sinatura dun convenio polo que a CPTOPT aboará boa parte do custo dos terreos para o subtreito entre a estrada CP-3002 e A Grela mentres que o Concello da Coruña se encarga da súa obtención*

O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes e o Concello da Coruña para a expropiación dos terreos necesarios para a construción da Terceira Rolda de Circunvalación da cidade. Este convenio céntrase na obtención dos terreos do tramo comprendido entre a estrada CP-3002 á altura da refinaría e o parque de automóbiles do Ministerio de Defensa na Grela, que conforma o segundo subtreito do segundo treito (2.2) desta nova infraestrutura. A CPTOPT asumirá o financiamento de boa parte destas expropiacións cun total de 6 millóns de euros, o que permitirá axilizar a obtención dos terreos e, consecuentemente, as obras desta nova vía.

Segundo o convenio que asinarán a Consellería de Política Territorial e o Concello da Coruña, a CPTOPT achega os 6 millóns de euros para pagar a expropiación dos terreos. Pola súa banda, o Concello será o encargado de realizar todos os trámites que sexan precisos para a expropiación e deberá poñer os terreos á disposición da Consellería. Así, Política Territorial non só cumpre co seu compromiso coa execución da infraestrutura senón que, a maiores, asume agora o custo de obtención destes terreos, achegando ao Concello os fondos necesarios para o seu pagamento. Con este novo compromiso a CPTOPT achega unha importante axuda ao Concello co que afrontar o desembolso económico que supón a obtención dos terreos para a construción dunha infraestrutura vital para a cidade e a área metropolitana da Coruña.

A día de hoxe, o primeiro dos treitos da terceira rolda (1.1) entre Manuel Murguía e San Pedro de Visma está en execución. Pola súa banda, o segundo treito divídese en dous: as obras do primeiro subtreito (2.1) entre San Pedro de Visma e a estrada CP-3002 xa foron adxudicadas por 4,2 millóns de euros, mentres que o segundo subtreito (2.2) é o afectado polo convenio autorizado hoxe e estase actualmente redactando o seu proxecto de construción. Respecto ao último treito, que rematará no Polígono de Pocomaco, a Consellería de Política Territorial está redactando o proxecto construtivo co fin de licitar e iniciar as obras o vindeiro ano 2008. Precisamente, nos orzamentos para 2008 e seguintes existen compromisos de crédito por un importe de 34,4 millóns de euros para os treitos II e III e outros 2,6 millóns para rematar o treito I, co que a achega estimada da Xunta de Galicia para a consecución desta vía estruturante da Coruña será de máis de 50 millóns de euros.



Unha vez que entre en servizo, esta infraestrutura de circunvalación, cuxa construción corre a cargo da Sociedade Pública de Investimentos (SPI) contribuirá a mellorar as comunicacións tanto de acceso como de conexión entre os distintos barrios da cidade. Así mesmo, configúrase como unha infraestrutura clave para complementar a actuación levada a cabo polo Ministerio de Fomento de conexión da cidade coa Autovía do Noroeste e o ramal ao aeroporto de Alvedro.



CULTURA E DEPORTE ACHEGA 217.500 EUROS PARA FINANCIAR ACTIVIDADES DA FEDERACIÓN GALEGA DE PIRAGÜISMO

- *Esta colaboración económica está destinada a axudar no gasto ordinario e a fixar un programa de actividades de promoción e desenvolvemento do piragüismo en Galicia*

O Consello da Xunta aprobou na súa xuntanza desta mañá a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura e Deporte e a Federación Galega de Piragüismo polo que o Goberno galego achegará douscentos dezasete mil cincocentos euros para financiar as súas actividades.

Este convenio establece as bases de colaboración con esta federación, seguindo o modelo de axudas a federacións establecido de forma novidosa hai dous anos. Desta maneira, a Consellería de Cultura e Deporte asina un convenio individual e particular con cada unha das 58 federacións deportivas galegas, atendendo ás súas necesidades específicas e aos proxectos de desenvolvemento deportivo proposto por estas.

O obxectivo destas axudas é participar nos gastos ordinarios da federación e para a fixación, de común acordo, dun programa de actividades de promoción e desenvolvemento, neste caso, da modalidade deportiva do piragüismo.

Desta forma, o convenio coa Federación Galega de Piragüismo asínase por un importe total de 217.500 euros, a dividir en dous anos, con programas para a promoción do deporte feminino, a integración no deporte, seleccións galegas ou para o mantemento da estrutura e a utilización do galego nas sinais de identidade corporativa, entre outros.

SANIDADE DESTINA 309.000 EUROS PARA DOUS CONVENIOS COA FUNDACIÓN ÉRGUETE – INTEGRACIÓN

- *O Consello da Xunta autorizou esta mañá ambos os dous convenios*
- *Están destinados ao desenvolvemento do programa Sísifo de intervención precoz con drogodependentes en situación de emerxencia social e outro para o desenvolvemento do programa de seguimento e atención das persoas en tratamento unha vez que estean fóra do cárcere*

O Consello da Xunta aprobou na súa xuntanza desta mañá a sinatura de dous convenios de colaboración entre a Consellería de Sanidade e o Servizo Galego de Saúde, e a Fundación Éguete-Integración. Un deles é para dar continuidade ao desenvolvemento do programa *Sísifo*, de intervención precoz con drogodependentes en situación de emerxencia social e que está dotado cun orzamento de 200.000 euros, repartidos en dúas anualidades de 20.000 euros no ano 2007 e 180.000 no ano 2008.

O programa *Sísifo* está destinado a achegarse ao colectivo drogodependente que non acode habitualmente á rede asistencial normalizada, atendendo sobre todo á poboación xuvenil. A carencia de recursos deste colectivo dificulta o seu acceso a medidas hixiénicas e alimenticias básicas; unha situación que aumenta a posibilidade de infección ou transmisión de enfermidades, e repercute negativamente no seu estado de saúde ou calidade de vida.

O outro convenio de colaboración autorizado hoxe polo Consello da Xunta, tamén entre a Consellería de Sanidade e o Servizo Galego de Saúde coa Fundación Éguete-Integración está destinado ao desenvolvemento do programa de seguimento e atención das persoas en tratamento unha vez que saian do cárcere. O orzamento para este convenio ascende a 109.000 euros, distribuídos en 9.000 para o exercicio actual, e outros 100.000 para o 2008.

Con este proxecto a Fundación Éguete-Integración desenvolve e coordina actividades que se levan a cabo nos centros penitenciarios da Lama, Teixeiro, O Pereiro de Aguiar e no Centro de Inserción Social *Carmen Avendaño*.

O Goberno galego destina un de cada catro euros do seu orzamento de 2007 para a atención aos drogodependentes á prevención do consumo. Con respecto ao ano 2005, incrementou a cobertura destes programas preventivos ata chegar ao 85 por cento da cidadanía galega con acceso a estes dispositivos, fronte a un 70 por cento do anterior Goberno; tamén incrementáronse os orzamentos para medidas preventivas ata chegar ao 25 por cento do diñeiro dispoñible para drogodependencias, fronte ao 18 por cento do anterior Goberno.



Ademais do programa *Sísifo* de atención a drogodependentes en situación de emerxencia social, nesta lexislatura tamén se estendeu a todas as cidades galegas o programa *Creative* de prevención de consumo de substancias en contornos recreativos e mesmo se estendeu a lugares netamente turísticos durante o verán.

Nesta lexislatura tamén se puxeron en marcha tres proxectos previstos no *Paquete Itaca*, de prevención do inicio do consumo de drogas nas escolas.

A CONSELLERÍA E O MINISTERIO DE MEDIO AMBIENTE ASINAN UN CONVENIO PARA A EXECUCIÓN DE INSTALACIÓNS DE DESGASIFICACIÓN DE CINCO VERTEDOIROIS, CO FIN DE RECUPERAR O BIOGÁS E TRANSFORMALO EN ELECTRICIDADE

- *O acordo enmárcase no plan de medidas urxentes da Estratexia Española de Cambio Climático que ten, entre os seus obxectivos, a recuperación de biogás dos vertedoiros*
- *As administracións autonómica e estatal financiarán, a partes iguais, con 2,4 millóns de euros, a desgaseificación dos vertedoiros de Santiago, Ferrol, Ourense, Lugo e Pontevedra*

O Goberno galego aprobou hoxe a subscripción dun acordo de colaboración entre o Ministerio e a Consellería de Medio Ambiente para a execución de instalacións de desgaseificación en cinco vertedoiros de Galicia. Trátase dunha medida que se enmarca dentro do plan de medidas urxentes da Estratexia Española de Cambio Climático, que ten entre os seus obxectivos, a recuperación do biogás que se produce en vertedoiros. Este tipo de depósitos, unha vez clausurados, dispoñen dunha saída para os gases que poidan desprender os residuos selados, que son fundamentalmente, metano e CO₂, que se liberan a atmosfera (se son pasivos) ou se eliminan (se son activos). O acordo aprobado permitirá recuperar este biogás, mediante a instalación de microturbinas, coas que se xerará electricidade, que poderá ser utilizada para os fins que se estimen oportunos, como por exemplo, a iluminación pública.

As instalacións de sistemas de desgaseificación levaranse a cabo en cinco vertedoiros clausurados: Santiago, Ferrol, Ourense, Lugo e Pontevedra, nos que o Ministerio e a Consellería investirán 2,4 millóns de euros. Os vertedoiros foron seleccionados en función da antigüidade do seu selado e da súa extensión, parámetros que inciden directamente na efectividade á hora de recuperar o biogás

Clausura Corgo (LUGO)

Por outra banda, o consello da Xunta aprobou hoxe a clausura do vertedoiro de residuos do Corgo, na provincia de Lugo. A consellería, a través da Dirección Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental, vai a financiar con 237.915 euros a clausura deste vertedoiro municipal, que quedou sen uso ao subscribir o concello contrato con Sogama para xestión de residuos sólidos urbanos. A obra, que consistirá no selado do vertedoiro, que está situado en dous predios de propiedade municipal, ten un prazo de execución de 4 meses.

A CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE DESTINA 39.000 EUROS Á REPOTENCIACIÓN DUNHA PLANTA HIDROELÉCTRICA EN GUATEMALA PARA CONTRIBUÍR Á REDUCIÓN DAS SÚAS EMISIÓN

- *O Consello autorizou hoxe a sinatura dun convenio de colaboración entre a consellería e o Instituto Nacional de Electrificación de Guatemala para a realización do proxecto de redución de emisións*

A Consellería de Medio Ambiente destinará 39.000 euros ao proxecto para a repotenciación dunha planta hidroeléctrica en Guatemala, co obxectivo de contribuír á redución das súas emisións de CO₂. A colaboración entre a consellería, a través da Dirección Xeral de Desenvolvemento Sostible, e o Instituto Nacional de Electrificación de Guatemala, realizarase mediante un convenio de colaboración autorizado hoxe polo Consello da Xunta.

Medio Ambiente pretende deste xeito canalizar os fondos de axuda oficial ao desenvolvemento a un proxecto de redución de gases con efecto invernadoiro nun país en vías de desenvolvemento como é Guatemala. O investimento da Consellería será de 39.000 euros, destinados á posta en marcha dun proxecto para a repotenciación da planta hidroeléctrica El Porvenir, que permitirá reducir as súas emisións de CO₂ e lograr unha maior produción eléctrica. Esta planta está situado ao sureste da cidade de Guatemala, no departamento de San Marcos.

O proxecto pretende ampliar a capacidade instalada, de 2,28 mw, a 6,4 mw, incrementando deste xeito a produción anual da planta. A achega da Consellería de Medio Ambiente está orientado ao apoio dos trámites administrativos necesarios para conseguir que este proxecto cumpra cos requisitos do Mecanismo de Desenvolvemento Limpo do Protocolo de Kyoto (MDL), e sexa recoñecido como tal ante as Nacións Unidas.

A CONSELLERÍA DE VIVENDA E SOLO DESTINA UNHA PARTIDA DE 6,3 MILLÓNS DE EUROS EN 2008 PARA FINANCIAR O PROGRAMA DE VIVENDA EN ALUGUER

- *O obxectivo do Programa é dinamizar o mercado de aluguer con garantías para os propietarios, poñendo as vivendas a disposición das rendas con máis dificultades a través de alugueres subvencionados*

O Goberno Galego deu hoxe o visto e prace ao investimento en 2008 dunha partida de 6.304.772 euros para o financiamento de vivendas en alugamento a través do *Programa de Vivenda en Aluguer* que desenvolve a Consellería de Vivenda e Solo.

Desde a súa entrada en vigor, en febreiro de 2006, o Programa de Vivenda en Aluguer financia o aluguer de 3.200 familias ou unidades convivencias cuns ingresos ponderados que non superan en 2,5 veces o IPREM -1.200 euros mensuais-. O obxectivo é dinamizar o mercado de aluguer e mobilizar a vivenda baleira con garantías para os propietarios, poñendo as vivendas a disposición das rendas con máis dificultades a través de alugueres subvencionados.

Os inquilinos inscritos no Programa de Vivenda en Aluguer pagan o equivalente ao 30% do seu salario e o resto do aluguer é subvencionado pola Consellería de Vivenda e Solo. As subvencións poden chegar ata o 60% en función dos ingresos ponderados dos inquilinos.

No que atinxe ás vivendas, son adxudicadas acomodando ao máximo as características destas, tanto en superficie como en prezo, coas necesidades e os ingresos do inquilino, da familia ou da unidade convivencial que solicite unha vivenda a través do programa.

Vantaxes para os inquilinos

A través do Programa de Vivenda en Aluguer, os inquilinos acceden a unha vivenda a un prezo moi inferior ao do mercado. Ademais, non necesitan negociar co propietario para efectuar reparacións ou melloras de servizos, xa que a vivenda que recibe ten as condicións de habitabilidade garantidas, porque de non ser así non é aceptada no programa.

Vantaxes para os propietarios

Os propietarios que inclúan a súa vivenda no Programa de Vivenda en Aluguer teñen garantido o cobro da renda do aluguer durante 5 anos tras asinar o primeiro contrato, incluso se o inquilino deixa a vivenda. Ademais, son beneficiarios dun seguro multirrisco do fogar, que garante que a vivenda será devolta ao propietario nas mesmas condicións en que se incorporou ao Programa, e reciben asistencia e defensa xurídica gratuíta.



Por outra banda, a través do Programa de Vivenda en Aluguer, a Consellería concede aos propietarios das vivendas inscritas subvencións para a rehabilitación e execución de obras de mellora da vivenda por un importe máximo de 6.000 euros a fondo perdido.



A XUNTA AVANZA NA MELLORA CONTÍNUA DOS PROCESOS E PROCEDEMENTOS DE PLANIFICACIÓN E CONTROL DO GASTO PÚBLICO

- *Consello coñeceu hoxe o balance do primeiro plan de implantación das recomendacións do Consello de Contas relativas as contas do exercicio 2003, do que se reflicten avances significativos no cumprimento das melloras propostas*
- *Goberno galego aprobou en febreiro de 2006 o sistema que dotou a Xunta, por primeira vez, dun sistema de seguimento e posta en práctica das recomendacións formuladas polo órgano de fiscalización das contas do sector público*
- *A Intervención Xeral tamén abriu por segundo ano o proceso de implantación e seguimento das recomendacións do Consello de Contas recollidas na Memoria 2006 presentada no Parlamento o pasado mes de xullo e relativa ás contas do exercicio 2004*
- *O proceso prevé a posterior elaboración do programa de actuacións que desenvolverán os órganos xestores da Administración para a implantación das recomendacións do último informe do Consello de Contas*

O Consello da Xunta coñeceu hoxe o informe da Consellería de Economía e Facenda relativo ao grado de implantación das recomendacións efectuadas polo Consello de Contas, do que se derivan significativos avances no proceso de mellora dos procedementos de planificación e control do gasto público. O informe elaborado pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma e presentado polo conselleiro de Economía e Facenda, José Ramón Fernández Antonio, cumpre co previsto no acordo alcanzado polo Consello da Xunta en febreiro de 2006, acordo polo que a Xunta abordou, por primeira vez, a implantación dun sistema de seguimento das recomendacións efectuadas polo Consello de Contas, órgano de fiscalización das contas e da xestión financeira e contable do sector público galego. O Goberno galego adoptou o novo sistema de seguimento das devanditas recomendacións como resposta á necesidade de asegurar a plena eficacia das observacións formuladas polos órganos de control; de constatar o grao de cumprimento e adecuación das mesmas; e de propiciar a coordinación das actuacións desenvolvidas para a mellora da xestión económico-financeira pública

Ademais, o Consello tamén coñeceu hoxe o informe da Intervención Xeral sobre a Memoria 2006 do Consello de Contas, que inclúe os informes relativos ao exercicio 2004, con recomendacións sobre as medidas que deben adoptarse para a mellora da xestión económica dos organismos públicos. Dita Memoria foi presentada ao Parlamento a finais do pasado mes de xullo.

Orientado á mellora da xestión pública dos órganos e entidades da Xunta de Galicia, o plan de seguimento ten como obxectivo impulsar medidas de transparencia e mellora en concordancia coas recomendacións que viña facendo o órgano fiscalizador das



contas e da xestión económico-financeira do sector público galego nos seus informes anuais.

Seguimento das recomendacións sobre o exercicio 2003

En canto ao informe do pasado ano, relativo ás recomendacións formuladas polo Consello de Contas en relación ao exercicio 2003, cabe salientar que o correspondente plan de implantación incluíu preto de cincuenta medidas de mellora abordadas ao longo do presente exercicio, que aportaron melloras substantivas nos procedementos seguidos, entre os que cabe salientar:

- Modificación nos criterios seguidos nos procedementos de contratación en liña co marcado polo Consello de Contas.
- Procedemento de comunicación ao Rexistro de Contratos dos contratos asinados polas consellerías.
- A implantación dun orzamento por proxectos nos capítulos I e II que vai permitir un mellor control das fontes de financiamento dos mesmos.
- Melloras nos procedementos que se implantan no novo marco de fondos comunitarios 2007-2013
- Elaboración de manuais que doten de homoxeneidade ós procedementos administrativos.

O sistema de seguimento amosa avances significativos que continuarán no futuro enmarcados no proceso de mellora continua dos procesos e procedementos de planificación e control do gasto público.

MEDIO AMBIENTE AMPLÍA AS OBRAS DE EMERXENCIA PARA SOLVENTAR A CONTAMINACIÓN MICROBIOLÓXICA NAS RÍAS GALEGAS

- *Este acordo permitirá complementar as actuacións de cinco das obras previstas, cun orzamento de 1,5 millóns de euros*
- *O investimento total das obras de emerxencia, entre as xa realizadas e as previstas na ampliación, é de 16.894.252 euros*

O conselleiro de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible, Manuel Vázquez, deu conta hoxe no Consello da Xunta do acordo para complementar as actuacións de cinco das obras previstas na declaración de emerxencia para solventar a elevada contaminación microbiolóxica nas rías mediante obras de saneamento. Estas accións suporán un incremento de 1.526.032 euros con respecto ao orzamento inicial.

Deste xeito, a Consellería de Medio Ambiente realizará un investimento total de 16.894.252 euros nas obras de saneamento declaradas de emerxencia, centradas principalmente na mellora e desinfección das depuradoras para resolver os problemas de contaminación microbiolóxica das rías galegas. Manuel Vázquez explicou no Consello as novas obras, que se executarán nas rías de Ares-Betanzos, Arousa e Vigo.

Na ría de Ares-Betanzos ampliarase o orzamento previsto para a mellora da depuradora de Betanzos, cun incremento de 402.505 euros; e a de Sada, cun incremento de 667.808 euros; co obxectivo de aumentar o volume do depósito de regulación da auga decantada, aumentar a potencia de bombeo da auga e cambiar os filtros.

Na ría de Arousa incrementarase o orzamento inicial das obras da EDAR de Boiro, cun investimento de 41.412 euros máis, destinados a facer unha cubrición da estrutura de pretratamento, co fin de evitar que os lodos das fosas sépticas cheguen á ría. As obras complementarias que se realizarán na ría de Vigo consistirán na construción dunha terceira liña de decantación con pozo de lamas na EDAR de Redondela, cun incremento de 196.106 euros no orzamento previsto; e a instalación dun espesador e unha nova centrífuga na EDAR de Teis, que permitirán duplicar a actual capacidade de deshidratación de lamas, cun incremento da achega inicial de 218.200 euros.



As obras que se están a realizar, aprobadas inicialmente na declaración de emerxencia son as seguintes:

RÍA DE VIVEIRO	Eliminación de focos de vertedura á ría	583.263 euros
RÍA DE FERROL	Melloras na EDAR de Neda	101.036 euros
RÍA DE ARES-BETANZOS	Mellora na EDAR de Betanzos	782.096 euros
	Mellora do sistema de desinfección da EDAR de Cabanas-Pontedeume	174.464 euros
	Melloras da EDAR de Miño	229.192 euros
	Melloras da EDAR de Sada	1.100.167 euros
RÍA DA CORUÑA – O BURGO	Colector da marxe esquerda no treito A Ponte-Pasaxe-bombeo do Hospital Materno Infantil	270.486 euros
RÍA DE CORME E LAXE	Melloras no sistema de asentamento e novo sistema de desinfección da EDAR de Ponteceso	404.185 euros
RÍA DE CEE-CORCUBIÓN	Melloras da EDAR Cee-Corcubión	288.888 euros
RÍA DE MUROS E NOIA	Sistema de desinfección na EDAR de Outes	79.808 euros
RÍA DE AROUSA	Melloras e desinfección na EDAR de Rianxo	565.303 euros
	Melloras e desinfección na EDAR de Boiro	730.873 euros
	Melloras na EDAR de Meaño	244.698 euros
	Melloras na EDAR de Vilagarcía de Arousa	406.700 euros
	Melloras na EDAR de Lestrove. Padrón	229.369 euros



	Melloras nos bombeos da mancomunidade do Salnés	1.317.239 euros
RÍA DE PONTEVEDRA	Mellora dos bombeos da rede de saneamento en Poio (Lavadeiro, A Seca, Campelo e Leaño)	334.564 euros
	Mellora dos bombeos da rede de saneamento en Poio (Combarro, mirador de Lourido, Froiz)	321.713 euros
	Eliminación de pluviais da rede de saneamento na parroquia da Estribela. (Marín)	60.000 euros
	Sistema terciario da EDAR de Placeres	1.016.909 euros
	Conexión á rede de saneamento na marisma de Lourizán (Marín)	85.000 euros
	Melloras da EDAR de Bueu	170.752 euros
	Melloras da EDAR de Sanxenxo	365.313 euros
RÍA DE VIGO	Melloras e desinfección na EDAR de Soutomaior	89.504 euros
	Melloras na EDAR de Cangas	1.116.850 euros
	Melloras e desinfección na EDAR de Redondela	1.333.150 euros
	Mellora da EDAR de Teis	874.640 euros
RÍA DE BAIONA	Mellora dos bombeos da rede de saneamento de Baiona	464.764 euros
	Mellora dos bombeos na rede de saneamento e no emisario submarino no concello de Nigrán	861.235 euros

Obras de ampliación, presentadas ao Consello no pasado mes de outubro:



RÍA DE VIVEIRO	Eliminación dos focos de vertedura á ría: Ampliación da capacidade de evacuación do aire do emisario e dotación de bombeo ao emisario	47.832 euros
	Renovación do tramo terrestre do emisario de Viveiro	650.000 euros
RÍA DE AROUSA	Melloras e desinfección na EDAR de Rianxo: ampliación de difusores, filtración da auga previa ao paso polos equipos de desinfección, incremento do volume do espesador de lamas	349.418 euros
RÍA DE VIGO	Melloras e desinfección da EDAR de Soutomaior: reconstrución dun muro	5.010 euros

As actuacións complementarias previstas son as seguintes:

RÍA ARES-BETANZOS	Mellora na EDAR de Betanzos	402.505 euros
	Mellora na EDAR de Sada	667.808 euros
RÍA DE AROUSA	Mellora e desinfección na EDAR de Boiro	41.412 euros
RÍA DE VIGO	Mellora na EDAR de Teis	218.200 euros
	Mellora e desinfección na EDAR de Redondela	196.106 euros

O GOBERNO GALEGO DESTINARÁ CATRO MILLÓNS DE EUROS A MEDIDAS INMEDIATAS PARA FACERLLE FRONTE AO RISCO DE SECA

- *O Consello da Xunta coñeceu hoxe un informe no que se prevé a realización de actuacións a medio e curto prazo nos concellos galegos, en función da súa poboación e da disposición ou non de encoro de regulación*
- *O Executivo galego porá en marcha con carácter inmediato unha campaña de sensibilización social para promover o aforro no consumo de auga e actuacións de infraestrutura hidráulica para o abastecemento en núcleos especialmente afectados*

O Consello da Xunta coñeceu esta mañá un informe sobre a actual situación e as medidas que se adoptarán ante o risco de seca en Galicia. O informe, presentado pola Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible, recolle a previsión dun conxunto de actuacións inmediatas para facerlle fronte á seca nas que se investirá 4 millóns de euros. Ao tempo, o informe recolle outra serie de iniciativas que se desenvolverán a medio prazo, sumando o conxunto das actuacións un investimento de 32 millóns de euros.

Consonte o informe elevado hoxe ao Consello da Xunta, Galicia atravesará na actualidade un dos outonos máis secos dos últimos 30 anos, sendo ademais escasa a previsión de chuvias para os vindeiros meses. A previsión estacional sinala que a probabilidade de choivas para os meses de decembro de 2007 a maio de 2008 é inferior á media de anos anteriores e que o nivel actual de ocupación dos encoros é do 32,30%, mentres que nos últimos anos estivo sempre por riba do 50%.

Ante esta situación, a Xunta de Galicia prevé poñer en marcha un paquete de medidas para afrontar o risco de seca; como a restrición dos caudais de restitución ao río do valor do caudal ecolóxico; a activación dun protocolo de seguimento da calidade das augas e a elaboración dunha relación de zonas nas que se recomenda non abastecer dende determinados tramos do río, co fin de captar auga para o subministro das explotacións gandeiras.

A Consellería de Medio Ambiente sumará a estas medidas o investimento de 4 millóns de euros en actuacións a realizar a curto prazo, encamiñadas ao aforro do consumo de auga, co desenvolvemento dunha campaña de sensibilización social e información; e actuacións de infraestrutura hidráulica de abastecemento en núcleos de poboación especialmente afectados polo risco da seca.

Paralelamente, o informe recolle a previsión de actuacións a medio prazo por importe de 17,22 millóns en obras de infraestrutura na Coruña, en Vigo-O Morrazo e en Piñeiros e Broullón. Deste xeito, a Consellería de Medio Ambiente investirá máis de 8 millóns de euros no depósito de cabeceira da Coruña e nas conexións xerais na rede de abastecemento á cidade, tendo en conta o baixo nivel do encoro do Cecebre.



Ademais, se investirán 7,8 millóns de euros nunha nova conducción Vigo-O Morrazo, e 1,12 millóns de euros no abastecemento de auga a Piñeiros e Broullón.

Por outra parte, nos núcleos de máis de mil habitantes que non dispoñen de encoros de regulación que asegure un almacenamento de auga de cara ao verán; as obras a executar a medio prazo consideradas prioritarias centraranse no novo abastecemento de auga a Sarria (Lugo); a ampliación e renovación da rede de abastecemento a Ventosela, no concello ourensán de Ribadavia. Na provincia de Pontevedra o novo abastecemento á Estrada; a estación de tratamento de auga de Pontearreas e Lantaño, en Portas; a mellora do abastecemento a Salceda de Caselas e Porriño; e a rede de abastecemento de auga potable en Paredes, no concello de Vilaboa. Medio Ambiente realizará un investimento conxunto de 10,9 millóns de euros nestas obras.